

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DE OBRA DE "EDIFICIO DE BENESTAR SOCIAL POETA AQUILINO IGLESIA", OBRA ADXUDICADA Á MERCANTIL PRADO LAMEIRO, S.L. (B32241432).

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 48-2024, por un importe total de 178.997,38 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da Revisión excepcional de prezos do contrato de obra de " EDIFICIO DE BENESTAR SOCIAL POETA AQUILINO IGLESIA" por importe de 178.997,38 €, obra adxudicada á mercantil Prado Lameiro, S.L. (B32241432).

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1392/2024, do 01.10.2024 así como os RCMOD Ref.: 65420/2024 e RCMOD Ref.: 65421/2024, por importes de 100.000 € e 78.997,38 € respectivamente do 30.09.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio, agora ben, neste caso, é certo que corresponde a aplicacións da mesma política de gasto polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e ademais corresponde á aplicación dunha normativa excepcional sobre revisión de prezos que non se podía prever no momento da licitación e execución do contrato do que provén, polo que se estima necesaria a modificación para poder facerlle fronte.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 178.997,38 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac5071278187473907538.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 48-2024 OBRA POETA AQUILINO IGLESIA

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
24100.60900 24100.60900	23MRRXX24103 24XX00026	100.000,00 € 78.997,38 €	24100.60900	16DUSINS	178.997,38 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO		178.997,38 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		178.997,38 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.